



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos

Materia	Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos			
Código	V01G230V01981			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Mediante esta materia o alumnado deberá demostrar que adquiriu algunhas das competencias específicas do grao para aplicalas nos traballos prácticos que se inclúen dentro da profesión de tradutor ou intérprete. As prácticas poden ser realizadas en empresas, institucións, servizos internos da universidade ou con tradutores autónomos. O alumnado deberá levar a cabo labores que teñan que ver cos eidos da tradución/interpretación/revisión de textos.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

## Contidos

Tema

A materia ten como obxectivo principal achegar ao alumno ao ambiente laboral nos distintos ámbitos profesionais cara aos que podería orientar a súa actividade futura. Por iso, proporcionaráselle a posibilidade de realizar prácticas en empresas, institucións, servizos internos ou con tradutores/as autónomos/as relacionadas cos sectores de intermediación lingüística e cultural, planificación e asesoramento lingüístico e literario, xestión e asesoramento en medios de comunicación, relacións internacionais, turismo e xestión cultural, ámbito editorial, actividades relacionadas coa tradución e a interpretación, empresas e administración pública en postos que implican bo coñecemento doutras linguas e culturas.

- Respecto polo método de traballo
- Organización e respecto de prazos
- Cuestións éticas e deontolóxicas
- Responsabilidade sobre as tarefas encomendadas
- Presentación de resultados
- Traballos de calidade

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	120	120

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	<p>O alumnado desta materia atenderá ás indicacións do titor da entidade en que preste servizo. Ao final do período de traballo (120 horas) ha de elaborar unha memoria de prácticas (30 horas) en que se detalle:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición da entidade e organigrama</li> <li>- Traballos relacionados coa formación en Tradución e Interpretación da entidade.</li> <li>- Traballos que desenvolveu no período de prácticas.</li> <li>- Avaliación das competencias do título traballadas nesta materia.</li> <li>- Valoración persoal das tarefas asignadas e resultados.</li> <li>- Suxestións de mellora, no seu caso, para futuras prácticas nesta entidade.</li> <li>- Suxestións de novos contidos que se poderían incorporar ao título para favorecer a execución destas tarefas.</li> </ul> <p>O titor académico é o responsable de revisar esta memoria. En Moovi colgaranse instrucións máis específicas. É responsabilidade do alumno/a consultar alí datas / prazos de entrega / convocatoria / etc.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	<p>Cada alumno/a contará cun titor/ora académico e outro no destino. O titor académico axudarlle a tramitar a documentación e mediará en caso de necesidade. O titor de destino é responsable de organizar a práctica, preparar os textos, indicar prazos e facer as correccións oportunas para que exista avaliación formativa. O titor académico debe corrixir a memoria de prácticas ao finalizar a práctica (documento D7: 30% da nota) e o titor de destino deberá dar unha nota entre 0 e 10 (documento D5: 70% da nota). A coordinadora de prácticas estará a disposición do alumnado para calquera dúbida, tanto en titorías presenciais como en telemáticas. En Moovi están colgados todos os documentos relacionados coas prácticas (convocatoria, impresos, cronograma, modelo memoria de prácticas, recomendacións para computar tarefas de tradución directa, inversa, etc.). É responsabilidade dos estudantes consultar todo isto en Moovi.</p>

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticum, Practicas externas e clínicas	<p>O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas será como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A cualificación proposta no informe remitido polo titor ou titora de destino representará un 70% da cualificación final. Neste informe deberase ter en conta tamén a cualificación do revisor (de existir) con respecto á calidade dos traballos.</li> <li>- A memoria realizada pola alumna ou alumno, na que se describirán as actividades realizadas, será avaliada polo titor ou titora da universidade, quen propoñerá unha cualificación que representará o 30% da nota final.</li> </ul> <p>*PARA APROBAR A MATERIA CÓMPRE TER UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS TANTO NA NOTA ENVIADA POR DESTINO (FORMULARIO D5) COMO NA NOTA DA MEMORIA DE PRÁCTICAS. *NA REVISIÓN DA MEMORIA O TITOR/A TITORA ACADÉMICO/A PODERÁ DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA.</p>	100	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda edición de actas (xullo), o sistema de avaliación é idéntico ao da primeira.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

---

**Outros comentarios**

---

Sería conveniente que o alumnado superase antes do período de prácticas as materias da súa combinación lingüística nas modalidades (tradución/interpretación) que coincidan coa descrición das tarefas encomendadas polas empresas/organismos.

---